

Edificio CACTI
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Universidade de Vigo Tel. 986 813 597 vicerreitoria@uvigo.es viciinv@uvigo.es
Registro Salida Nº. 201100022266 18/10/2011 12:12:16

Asunto: CONVOCATORIA DA PRODUCIÓN DE INVESTIGACIÓN DOS ANOS 2009 E 2010 (PI 2009-2010)

Estimado/a Director/a:

Con esta comunicación iníciase o proceso para a avaliación da Produción de Investigación dos anos 2009 e 2010, detallándose o procedemento no documento que se achega.

As actividades a realizar polos departamentos serán as seguintes:

- 1) A **actualización do censo do persoal investigador** que incluírá, de ser necesario, a alta, baixa e modificación de datos dos investigadores e investigadoras de cada departamento.
- 2) A **introdución dos datos dos méritos** a avaliar na aplicación informática.
- 3) A **clasificación dos méritos** de participación en artigos en revistas, comunicacións en congresos ou como censor/a e editor/a en revistas que incluírá a revisión e validación destes.
- 4) A **remisión do listado definitivo** de méritos clasificados á Vicerreitoría de Investigación asinado polo/a secretario/a ou director/a do departamento, facendo constar que os datos remitidos corresponden verazmente á documentación depositada. Xunto co listado só se remitirá a **documentación** correspondente aos libros, capítulos de libros, exposicións e documentación correspondente a revistas tipo B, C e D para solicitar altas novas ou modificación de tipo. O listado de méritos non poderá ser distinto en formato papel do xerado na aplicación informática.

Como en anteriores convocatorias, os departamentos serán depositarios na súa sede da documentación xustificativa dos méritos e só deberán remitir a documentación especificada no punto 4 anterior. Unha vez remitidos os listados de méritos clasificados á Vicerreitoría de Investigación e, ao tempo que se valoran os méritos, a documentación depositada no departamento poderá ser solicitada para a súa verificación ou revisión, polo que deberá estar dispoñible e ser remitida, de ser o caso, no prazo de 5 días.


Para o desenvolvemento do proceso utilizarase a **aplicación informática SUXI-RI** (Sistema Unificado de Xestión de Investigación-Rexistro de Investigadores).

Os méritos introducidos serán avaliados en función dos **Criterios de Avaliación da Produción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2009 e 2010** que se achegan e que poden consultarse na web da Universidade de Vigo en

www.uvigo.es>>Investigación>>Produción de Investigación

Vigo, 17 de outubro de 2011

VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN



Maria Asunción Longo González

TODOS OS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO